



QUE EU DE
QUEN SON?

EU SON DO
MARRÓN

Lalín aposta polo marrón

O Concello de Lalín pon en marcha unha campaña pola reciclaxe de residuos orgánicos

Co obxectivo de animar á poboación de Lalín a separar o lixo orgánico, o Concello de Lalín inicia unha ambiciosa campaña que abarca, desde a implementación de equipamento, ata a formación ou a sensibilización en materia de residuos orgánicos e compostaxe.

Para o **ámbito doméstico** repartiranse 1.200 cubos de biorresiduos. Nas rúas contaremos con 150 colectores con fechadura e, por outra banda, equiparase a veciñanza con rolos de bolsas compostables, tanto de uso doméstico, coma para grandes xeradores.

Tanto no rural como no centro urbano -naqueles casos en que o edificio ou a casa conte cunha parcela-, tamén se poderán solicitar compostadores e, por tanto, realizar a xestión da materia orgánica de maneira directa.

Lalín Recicla será a marca baixo a que se desenvolverá a campaña “**Eu son do marrón**” destinada a información e sensibilización de todas as idades sobre a reciclaxe de orgánicos. Prevense accións a pé de rúa, divulgación en centros escolares, reparto de materiais promocionais, etc.

Cubos e composteiros poderanse solicitar no Departamento de Medio Ambiente e recollerse no propio Concello de Lalín.



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE E
CAMBIO CLIMÁTICO



O Concello de Lalín presenta a campaña:

EU SON DO MARRÓN

para a concienciación sobre o uso do novo cubo de residuos orgánicos.

"**Eu son do marrón**" é a nova campaña do Concello de Lalín sobre reciclaxe e uso do novo contedor marrón.

A campaña preséntase baixo a marca, tamén de novo cuño, "**Lalín Recicla**".

Centros educativos, rúas, tendas e comercios ou domicilios particulares convertiranse en espazos de sensibilización.

A campaña presenta diversas personaxes que son da familia do Marrón: residuos orgánicos que, coma un tomate, un plátano ou restos de poda, deben acabar no cubo marrón ou en recipientes compostadores para unha reciclaxe eficiente. Son personaxes simpáticas que procuran a conexión con todas as idades e convidan á participación.

O obxectivo é concienciar e chamar á participación da cidadanía, tanto para a reciclaxe doméstica como para o uso de compostadores.

Faranse actividades gratuítas de difusión e divulgación no casco urbano e no rural, dirixidas a diferentes tipos de públicos, dende nenos a maiores.



Compostar os residuos orgánicos é imitar a descomposición natural que acontece no chan dun bosque

José Manuel Méndez.

Técnico de Medio Ambiente do Concello de Lalín

Cal é o obxectivo desta campaña?

O obxectivo da campaña “**Lalín Recicla / Eu son do Marrón**” é a de garantir a separación e a reciclaxe en orixe dos biorresiduos e a súa recollida separada sen mesturar con outros residuos.

Para que serve o novo contedor marrón?

Para a separación e a reciclaxe en orixe dos biorresiduos e a súa recollida separada sen mesturar con outros residuos.

Que residuos deben depositarse nel?

Debe depositarse todo tipo de residuos orgánicos procedentes da cociña que non teñan outro destino preferente, incluídos restos de peixe e carne que non sexan útiles para a alimentación animal, limitando os residuos de papel que poidan reciclarse por separado, e eliminando aqueles contaminados con substancias tóxicas e non reciclables.

Hay diferentes tipos de contedores marrón?

Si. Hai dous tipos.

Os de uso doméstico dos domicilios particulares, e os de uso industrial, dos grandes produtores, restaurantes, comedores sociais supermercados etc.



E diferentes tipos de usuarios?

Os de uso doméstico dos domicilios particulares, e os de uso industrial dos grandes produtores.

Cales son as principais diferenzas entre a reciclaxe doméstica e os compostadores?, como se vai levar a cabo a implantación deste novo contedor?

Tendo en conta o obxectivo e as novas normas da obrigatoriedade de separación do lixo por parte da cidadanía, esta oferta vai dirixida ao 100% da poboación do noso concello aínda que non participen na recollida separada da materia orgánica. No casco urbano optarase pola recollida en colector pechado a pé de rúa, para o que usamos colectores de 160 litros. Para acceder a estes colectores é necesario ter unha chave mecánica co cal a súa implantación require artellar accións de distribución desta chave, que se repatirá co cubo.

Onde se van instalar ou repartir os contedores marrón? E cantos?

Os contedores de orgánica vanse colocar no casco urbano de Lalín, estimando como indicadoras principais dentro deste proxecto o número de novas familias que acaben participando neste proxecto, de recollida separada de marcamos en 1.200, número do cal dependerán o resto de resultados como as toneladas recollidas, como tamén nos planteamos un índice de impropios por debaixo do 10% e esperando chegar a menos dun 5% de impropios sen contar as bolsas compostables.

Fíxose xa algunha campaña ou fase previa desta acción?

Fíxose no rural e de xeito inicial e pioneiro cos veciños da parroquia de Goiás, onde se lle entregou un composteiro individual a cada veciño que o solicitou, entregándose 200 composteiros. Logo posteriormente abriuse unha nova campaña en colaboración coa Deputación de Pontevedra repartindo polo rural 500 composteiros.

A resposta foi moi positiva e participativa, ata esgotarse os composteiros que se ofertaban.


Coñece a xente o uso de cada contedor?

Si. A xente coñece de sobra o que vai en cada contedor, o caso é que o faga ben, porque moitas veces por falta de tempo, acaba botando no primeiro contenedor que atopa sen mirar os problemas que esto conleva.

Cales son os residuos que resultan máis dudosos?

O residuos dudosos solen ser os do contenedor amarelo, o dos envases. Sobre todo de residuos combinados ... vidro que leva tapa de aluminio, papeis que levan plásticos, etc.

A VIAXE DUN RESIDUO ORGÁNICO



Cada residuo orgánico ben separado
é unha semente de enerxía e vida

QUE EU DE
QUEN SON?



EU SON DO MARRÓN



Restos de
alimentos



Infusións



Posos do
café



Tapóns de
corcho



Cáscaras de
marisco



Cáscaras de
ovo



Papel de
cociña usado



Restos de
poda e xardín

O lixo orgánico ao **contedor marrón**



Punto de recollida:
Concello de Lalín

Solicitudes:
Departamento de Medio Ambiente
986 78 70 60
xosemanuel.mendez@lalin.gal

E ti, canto sabes?

Onde deben acabar as cascas do plátano da merenda?

- a) Tíroas pola ventá
- b) Contedor marrón
- c) Eu como as cascas tamén

NON pode tirar no contedor marrón

- a) Cerámica, toallíñas húmidas, goma de mascar
- b) Infusións e posos do café
- c) No contedor marrón pode tirar todo

Que se fai co lixo do contedor marrón despois de recollelo?

- a) Xuntalo co lixo dos outros contedores
- b) Procesalo para xerar compostaxe
- c) Nada mentres haxa máis contedores marrón dispoñibles

Un tapón de corcho é un lixo orgánico?

- a) Si
- b) Non
- c) Depende do tamaño

Cantas cores de contedores hai?

- a) Branco e negro
- b) Son diferentes en cada rúa de Lalín
- c) Amarelo (envases), azul (papel e cartón), verde (vidro), gris (restos), vermello (resíduos perigosos), marrón (orgánico)

Que é a compostaxe?

- a) A compostaxe é un proceso mediante o que os restos orgánicos se descompoñen e se transforman en "compost"
- b) A última versión dun xogo
- c) Unha árbore

Dous usos habituais da compostaxe


- a) Xeados e lambenadas
- b) Fertilizante e xeración de biogás
- c) Non ten ningún

Se tiras unha mazá no contedor marrón, que será despois dunhas semanas?

- a) Un bo abono natural para plantas e árbores
- b) Unha mazá sucia
- c) Zume de mazá

Que é "Lalín Recicla"

- a) Un podcast
- b) Unha nova tenda
- c) Unha campaña do Concello de Lalín sobre reciclaxe e uso do novo contedor marrón



Que se vai facer?

A quen vai dirixida esta campaña?

Reciclaxe doméstica: veciños do centro urbano que queren separar os residuos a través do cubo marrón para as súas casas e as bolsas que deben utilizar neles, e que despois deben depositar nos contedores instalados na rúa. Inclúe medianos e grandes xeradores de residuos.

Compostadores: veciños, tanto do rural como do centro urbano -naqueles casos en que o edificio ou a casa conte cunha parcela-, que queren contar cos compostadores para facer compost na súa propia casa e, por tanto, realizar a xestión domiciliar in situ da materia orgánica.

Cantos colectores e compostadores se implantarán en Lalín?

Para a reciclaxe doméstica,

- 1.200 unidades de cubos domésticos de biorresiduos.
- 2.400 rolos de bolsas compostables de uso doméstico (capacidade de 10 litros).
150 colectores de biorresiduos con fechadura automática e 20 chaves estándar por cada un deles.
- 240 rolos de bolsas compostables para grandes xeradores (capacidade de 120 litros).

Para compostadores,

500 composteiros domésticos (capacidade de 400 litros) para o tratamento dos residuos orgánicos domiciliarios.



Solicitudes:

Departamento de Medio Ambiente

986 78 70 60

xosemanuel.mendez@lalin.gal

Punto de Recollida:

Concello de Lalín